
O ANIÑAMENTO DE GAIVOTAS

NO CONCELLO DA GUARDA



Agustín Ferreira Lorenzo

ANABAM

Autor

Agustín Ferreira Lorenzo

Corrección texto

Mª Consuelo González de Dios
Manuel Ángel Pombal Diego

Traballaron parcialmente neste proxecto durante a realización das prácticas externas, que desenvolveron en ANABAM:

Hugo Costas.– Universidade de León.
Lorena Franco Díaz-UVIGO

Agradecementos

Meu agradecemento ás seguintes persoas pola cesión de datos e/ou fotografías:

Ana Cholito
Arias Rodríguez, Silvia
Bautista Salgueiriño, Silvia
Fernández Rodríguez, Sergio
Ferreira Lorenzo, Antón
Ferreira Rodr´8iguez, Aser
Ferreira Rodríguez, Noé
Pazos Giráldez, Julio
Pazos Giráldez, Yolanda
Reboredo Otero, Miguel
Vicente Portela, Marcela

CONTACTO
Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557
Messenger
Facebook
Correo electrónico:
anabam.anabam@gmail.com
WEB: www.anabam.org

Foto portada:

Silvia Arias Rodríguez

Foto contraportada:

Agustín Ferreira Lorenzo

DL PO 502-2021

Feito en papel reciclado

GAIVOTAS NA COSTA GUARDESA

Ata cinco especies de láridos diferentes adoitan instalarse ao longo do ano na bisbarra do Baixo Miño, particularmente na costa guardesa. Agás unha delas, as restantes só estarán aquí unha parte do ano. Deste xeito, poderemos observar ás seguintes especies: **gaivota patiamarela** (***Larus michahellis***), sedentaria e a máis numerosa de todas elas. No inverno o seu número vese incrementado coa chegada doutras provenientes de áreas máis afastadas; **gaivota escura** (***Larus fuscus***), invernante, poboación pouco numerosa; **gaivotón** (***Larus marinus***), invernante, con menos de 10 exemplares; **gaivota chorona** (***Chroicocephalus ridibundus***), invernante con varias centenas de individuos e, finalmente, a **gaivota cabecinegra** (***Ichthyaetus melanocephalus***), invernante e pouco numerosa. Ademais, outras especies poden aparecer de xeito casual, esporádico, adoitan ser exemplares individuais que por causas diversas, probablemente debido ás condicións meteorolóxicas nun momento determinado, chegan ata estas latitudes. Falamos da **gaivota hiperbórea** (***Larus hyperboreus***), da **gaivota de Delaware** (***Larus delawarensis***) e da **gaivota cana** (***Larus canus***). Non podemos esquecernos doutras aves, algo semellantes ás gaivotas, como son o **carrán cristado** (***Thalasseus sandvicensis***) e o **carrán común** (***Sterna hirundo***).

Polo número de individuos, como reflectimos máis arriba, a máis numeroso é a gaivota patiamarela. Ao longo do tramo costeiro e fluvial sobrepasan o milleiro de exemplares, seguida da gaivota chorona e da escura; desta última, danos a impresión que o seu número reduciuse notablemente nos últimos anos. Dos gaivotóns observamos exemplares illados tódolos invernos, principalmente na desembocadura do Miño aínda que, algún que outro, recala no porto guardés.

De todas elas, soamente a gaivota patiamarela aniña no Baixo Miño, máis concretamente no núcleo urbano da Guarda, con algunha parella illada en Camposancos así como no límite da parroquia da Guarda con Salcidos, na Sangriña. Finalmente, unha parella illada aniña dende hai uns cinco anos no núcleo urbano de Tui, concretamente no Instituto Indalecio Tizón.

Os primeiros exemplares que comezaron nidificando na Guarda deberon facelo a finais da década dos noventa. A primeira información que temos dun niño facilitouma de xeito persoal Joaquín Castro, propietario do estaleiro Castro. Tratábase dunha parella que fixera un niño nun dos barcos varados a carón do

estaleiro que el rexentaba. Levaba dous anos aniñando na mesma zona, no 1999 e no 2000, desta última data agasalloume cunha fotografía da nidificación. No ano 2003, Antón Ferreira danos información fotográfica (fotografía tirada o 31 de xullo) dun dos niños existentes nun dos edificios do porto da Guarda (Avda. Fernández Albor). No ano 2009, nun censo realizado a nivel peninsular pola SEO (Sociedad Española de Ornitología) constátase a presenza de 15 parellas nidificantes no casco urbano guardés. A partir do ano 2010 decidimos facer un seguimento anual e recollida de datos relacionados co aniñamento das gaivotas na bisbarra baixomiñota, particularmente na vila da Guarda. Nese mesmo ano, os resultados acadados por nós nesta vila, puxeron de manifesto que o número de parellas nidificantes era, con moita diferenza, moi superior aos datos rexistrados pola SEO o ano anterior. En efecto, o resultado do noso traballo de campo deunos un mínimo dunhas 10 veces o número de parellas nidificantes rexistradas pola devandita organización ornitolóxica. Contabilizamos 150 niños, que polas estimacións poderían chegar aos 180, fronte aos 15 que aparecen reflectidos no censo da SEO.

É necesario sinalar que, a excepción da única parella que aniña en Tui, en ningún outro concello do Baixo Miño, agás o da Guarda, aniñan as gaivotas. Si o fan na outra beira do Miño, en Caminha.



Os primeiros datos que temos rexistrados no núcleo urbano da Guarda corresponden ao ano 2003. Fotografía de tres polos nun dos edificios preto do porto guardés.











Gaivota patiamarela (*Larus michahellis).*

A) Individuo adulto.

B) Individuo en plumaxe invernal.

C) Xuvenil logo de abandonar o niño.

D) Individuo de 2º ano.

E) Individuo de 4º ano.



Foto superior

Gaivota escura (*Larus fuscus*)

Foto inferior

Gaivotón (*Larus marinus*)












Gaivota chorona (*Chroicocephalus ridibundus*).

A) Plumaxe estival.

B) En transición inverno-verán.

C-D) Plumaxe invernal.









Gaivota cabecinegra (*Ichthyaetus melanocephalus*)

a/ Plumaxe estival.

b/ Plumaxe invernal.

c/ Individuo de 1º inverno.


d/ Individuo de 2º inverno.



Sombreada, amósase o núcleo urbano da Guarda coincidente coa área de aniñamento colonial da gaivota patiamarela. A máis disto, existen tres puntos no extrarradio onde tamén aniñan as gaivotas: tres en Camposancos e un en Salcidos.

ÁREA DE NIDIFICACIÓN

O municipio da Guarda, situado no suroeste da comunidade galega, entre a desembocadura do río Miño (unha das áreas ornitolóxicas máis importantes de Galicia), e a Serra da Groba, ten unha superficie de 20,5 km^2. O límite occidental está recorrido na súa totalidade pola franxa litoral, na mentres que o oriental confórmao a ribeira fluvial do último tramo do Esteiro do Miño, xa na súa desembocadura. As máximas alturas do territorio son o Alto do Terroso (369 m), no monte Terroso e o Pico de San Francisco (344 m), no monte Trega. A poboación guardesa é de 10.000 habitantes (ano 2020), cunha densidade de 490 hab/km^2. O núcleo urbano conta cuns 6.000 habitantes, poboación que se incrementa notablemente durante o verán, coincidente coa segunda metade do período de nidificación da gaivota patiamarela. Vila mariñeira por excelencia, destaca o seu porto pesqueiro que, indubidabelmente, vai ter un papel fundamental na poboación de gaivotas que habitan nesta vila, ben de xeito permanente ou




Os catro puntos, fóra do casco urbano da Guarda, onde temos rexistros

1.– Salcidos, colexio primaria, polo menos dende o ano 2017.

2.– Camposancos, nunha palmeira atacada polo picudo vermello. Aniñou un ano, no 2020. Pola información recibida, sacou adiante un polo.

3.– No hotel situado no piñeiral da praia de Camposancos, polo menos dende o ano 2015.

4.– Nun chalé situado no piñeiral da praia de Camposancos. Ano 2021.



Localización das catro áreas de aniñamento existentes no Baixo Miño: 1, A Guarda (núcleo urbano). 2, Camposancos. 3, Salcidos. 4, Tui (núcleo urbano).

ben estacionario.

Dos 20,5 km^2 de superficie, case un 3,5 % do territorio (aproximadamente 0,70 km^2) é utilizado polas gaivotas como área de aniñamento, correspondéndose xustamente co núcleo urbano guardés. No extrarradio atoparémonos con puntos illados de aniñamento. Un destes lugares localízase xustamente no límite das parroquias de A Guarda e Salcidos, no tellado do colexio de primaria sito no lugar de A Sangriña, corresponde a unha única parella que se reproduce dende hai cinco tempadas (2017). Outros dous puntos localízanse na parroquia de Camposancos. O primeiro deles, que leva arredor de sete tempadas (dende o 2015) sitúase no hotel Novo Muíño. Un segundo niño foi construído no centro da parroquia, nunha palmeira que fora atacada polo picudo e carecía de follas, nas proximidades do Casino (ano 2020), mais non fixo niño no seguinte ano. No ano 2021, outra parella, que podería ser a mesma que aniñara na palmeira o ano anterior, fixo niño no tellado dun chalé, a carón do piñeiral da praia, próximo ao hotel citado anteriormente. A distancia entre o hotel e este último niño e de 150 m.

Mais, vai ser o núcleo urbano guardés onde se establecerá unha verdadeira colonia de gaivotas para se reproducir. Na área de aniñamento, que abarca unhas 70 ha, atópanse arredor de 1.700 tellados[1], potenciais lugares onde construír os niños, deles, arredor de 200 tellados (case que o 12 %), serán pre-



Sinalización dos lugares onde aniñaron as gaivotas no ano 2021.

cisamente elixidos para este fin.

De acordo a área de nidificación sinalada anteriormente, podemos establecer os seguintes límites na superficie ocupada: polo norte, a franxa delimitada polos barrios de Fedorento (Santa Tecla) e dos Casás, o castelo de Santa Cruz e a rúa Julia Vaquero; polo sur, as últimas vivendas do barrio da Cruzada; polo leste, a estrada a Camposancos paralela ao Tegra e polo oeste, a franxa litoral coincidente co porto guardés.

[1] Para establecer o número de tellados procedemos a parcelar aleatoriamente (no *Google maps*) varias zonas e de seguido contabilizamos o número de tellados por parcela, a partir de aí, calculamos o total.


En canto á nidificación, non tódalas parellas van conseguir completar o ciclo reprodutor, isto é, dende que se inicia a construción do niño ata que os pitos conseguen a independencia total. Ao longo desta etapa, algunhas parellas, certamente poucas, vanse atopar con algún tipo de impedimento que non lles permitirá concluír o proceso. Estes impedimentos poden deberse a causas humanas –que será o máis habitual– ou causas naturais, que serán excepcionais. Os factores humanos maniféstanse de varios xeitos: eliminación de niños por parte dos propietarios, inquilinos ou mesmo veciños polas molestias que lles causan, pola instalación de elementos agresivos ou, mesmo, por coincidir o arranxo dos tellados coa época de aniñamento. Falaremos máis adiante disto. As causas naturais que afectan á nidificación apenas teñen incidencia algunha, e débense a factores tais como postas inviables, destrución natural do niño por mal tempo, morte dos pitos, etc.

Por outra banda, os niños son construídos maioritariamente nunha altura que está polo xeral entre os 6 e os dez metros, excepcionalmente poden sobrepasar ou, mesmo, non chegar a esa altura. Tamén, aínda que non é o habitual, poden ser construídos excepcionalmente noutros enclaves que non



Composición na que se reflicte o traballo de observación de niños e pitos.

sexan tellados. Así, nos anos 2019 e 2020 unha parella utilizou unha palmeira. situada no centro da Guarda, que fora atacada polo picudo vermello, no curuto da mesma construíu o niño e chocaron os ovos. Non temos datos dos posibles pitos nados, aínda que o máis probable é que caeran ao chan. Esa palmeira foi eliminada a finais do 2020. Tamén no 2019, outra parella ocupou unha palmeira, atacada igualmente polo picudo vermello e sen follas, na estrada de Circunvalación, aínda que neste caso nunca observamos aos adultos deitados. Finalmente, como xa dixemos con anterioridade, outra parella utilizou no ano 2020 una palmeira en Camposancos, nas proximidades do Casino, palmeira que estaba nas mesmas condicións que as anteriormente citadas, con resultado positivo, saíndo adiante un dos dous pitos observados. Algunha que outra parella construirá os seus niños na parte superior de vellos muros de pedra e, por último, outra das localizacións que rexistramos durante varios anos, corresponde coa zona rochosa existente nos arredores do lugar denominada A Grelo.



Os oito principais puntos de observación que permiten controlar a maior parte dos tellados susceptibles de ter niños e/ou polos de gaivota patiamarela: 1 e 2, Castelo de Santa Cruz; 3 e 4, subida ao Trega; 5, miradoiro do Pirún. 6 e 7, porto da Guarda; 8, Capela de San Queitano.

PUNTOS DE OBSERVACIÓN

Para levar a cabo o censo dos niños, establecemos varios puntos estratéxicos de observación, elixidos entre aqueles que permitiran a visión do maior número posible de tellados do casco urbano guardés. Ademais, compaxináronse os datos obtidos dese xeito co percorrido de diferentes rúas nas que, si ben o número de tellados que se podían observar dende elas era, en moitos casos, bastante reducido, axudaron na detección de moitos dos niños que, doutro xeito, non sería posible controlar, contribuíndo así a completar os resultados. Deste xeito, podemos sinalar que máis do 90 % do territorio guardés susceptible de ter niños puido ser prospectado directa ou indirectamente .

As observacións realizáronse indistintamente de mañá ou de tarde, entre os meses de marzo a agosto, ámbolos dous incluídos, con maior intensidade no intervalo comprendido entre o 15 de abril e o 30 de xullo, por ser o período de nidificación predominante. Leváronse a cabo un mínimo de catro observacións por semana e repetíronse as visitas a un mesmo lugar varias veces ao




O autor durante unha das observacións efectuadas
dende un dos miradoiros ubicados na subida ao Trega.

longo da tempada, deste xeito realizáronse case un centenar de prospeccións ao longo de todo o período de reprodución.

En canto ao tramo horario destinado ao control tanto de niños pero sobre todo de pitos, estaba comprendido principalmente entre as 10:00 e as 21:00 horas (hora oficial), dedicando de 2,5 a 3,5 horas de media cada día.

No que respecta ao material utilizado, a ferramenta principal foron os prismáticos, empregándose uns de 10X50. Isto permitiunos observar tanto niños como pitos. Tamén foi utilizada unha cámara fotográfica dixital, marca Sony con zoom. Con ela fotografamos niños, pitos (contabilizando cantos eran vistos) e tellados. Finalmente, apoiámonos nas fotografías aéreas, tanto de *Google maps* como do SIXPAC, sinalando cada edificio (tellado), muro ou lugar onde era detectado un niño, pitos e, de non poder recoller datos directos deles, sinalábamos as gaivotas que, dende un lugar prominente a modo de atalaia, como podería ser unha cheminea, montaban garda e vixiaban o que, sen lugar a dúbidas, debería ser un niño.



Pitos enriba dun dos rochedos da zona coñecida como Grelo (2010).

Finalmente, temos que sinalar que os datos amosados neste traballo corresponden fundamentalmente á tempada de nidificación dos anos 2020 e 2021, por ser onde maior esforzo se fixo no traballo de campo, mais, tamén, tivemos en conta os datos recollidos dende o ano 2010 para corroborar certos detalles que completaron os destes dous últimos anos.



Un dos mellores lugares de observación, polo número de tellados que poden ser prospectados, é o miradoiro do Montiño, na subida ao monte Trega.



O peirao da Guarda permite a observación doada da maior parte das vivendas que circundan o porto.



Foto superior, vista dende o Castelo de Santa Cruz, entre os baluartes da Guía e de Santa Cruz.
Foto inferior, vista do entorno do barrio da Guía dende o baluarte da Guía.



PRIMEIRO REXISTRO DUN NIÑO DE GAIVOTA NA VILA GUARDESA

O primeiro rexistro da nidificación dunha parella de gaivotas na vila guardesa corresponde ao ano 2000 e o dato proporcionoumo Joaquín Castro Barcia, propietario do estaleiro artesanal situado no Pasaxe (Camposancos-A Guarda). Sabedor de que eu andaba censando os niños de gaivota, facilitoume unha fotografía tirada por el, dun niño que fora construído por unha parella de gaivotas enriba dunha embarcación varada no peirao do estaleiro, embarcación que levaba alí inutilizada dende había varios anos. Parece ser que a parella aniñou durante dous anos, mais, segundo me comentara, non volvera reproducirse alí.



Embarcación varada no estaleiro Joaquín Castro (O Pasaxe, Camposancos), no mes de xuño do ano 2000. Obsérvese o niño na parte central da fotografía (frecha vermella).



Macho e femia non presentan practicamente dimorfismo sexual. ´Mais no período de reprodución, pode observarse un tamaño lixeiramente maior no caso do macho. Na fotografía o que está detrás.

EMPARELLAMENTO DAS GAIVOTAS

As gaivotas emparéllanse de por vida. Practicamente durante todo o ano permanecerán xuntas, estreitando os lazos de unión, se cabe, durante a etapa de reprodución.

Esta etapa empeza facerse máis visible a partir do mes de febreiro, e isto notarase no incremento dos sons que emiten, na permanencia máis acentuada no lugar de aniñamento e no proceso de xerarquía, fronte aos demais conxéneres, na ocupación dos lugares fundamentais que utilizarán durante a etapa de reprodución, que serán, normalmente, os mesmos de anos anteriores. A partir de entón, non van permitir a estancia doutras gaivotas no mesmo lugar, expulsándoas de selo caso.

A intensidade e duración do graznido das gaivotas irá *in crescendo* a medida que pasan os días, sendo unha constante diaria e, ás veces, cansina para moita xente dos arredores. Será a partir do mes de marzo cando realmente



As cópulas teñen lugar principalmente entre finais de marzo e mediados de xuño.

os estertores da tempada reprodutora, comecen realmente a deixarse notar. Aínda que polo día a intensidade é moi alta, a noite tampouco vai ser demasiado tranquila.

CÓPULAS

As cópulas máis temperás comezarán cara a finais de febreiro, aumentando progresivamente a medida que pasan os días. Marzo e abril serán os de máxima intensidade. Diariamente prodúcense varias cópulas realizadas pola mesma parella e así, un día si e outro tamén. Os estertores fanse evidentes, adquirindo xa a súa máxima expresión que se estenderá ata mediados de xuño, para logo ir baixando a súa intensidade de xeito notorio. Durante eses meses, de marzo a xuño, o núcleo urbano guardés, énchese dos sons que evidencian a cópula de ducias de exemplares. Estas teñen lugar, polo xeral, sobre os tellados onde van facer os niños ou próximos a eles. O habitual é que se produzan de día, pero durante a noite tamén poden ter lugar. Cada cópula pode durar dende algo menos dun minuto ata dous, tres e mesmo catro minutos. Independentemente da cópula, durante todo o día vaise notar a efervescencia deste período previo ao aniñamento, onde observaremos moito trasfego, moitos sons variados



Podemos observar un macho con material para a construción do niño.

e característicos, en resumo, moita actividade.

CONSTRUCIÓN DOS NIÑOS

Os primeiros niños construiranse a partir do mes de marzo, os máis temperáns na primeira ou segunda semana dese mes, aínda que o corrente e máis normal é que comece a súa construción a partir da terceira semana, sendo o momento álxido nos meses de abril e maio. Os máis tardíos poden darse cara a finais de xuño, aínda que isto só sucederá naquelas parellas que tiveron problemas para facer o niño con anterioridade, como pode ser a destrución dalgún que xa fixeran anteriormente ou inxerencias na zona onde ían construílo.


O material utilizado é moi diverso, podendo ser recollido nos tellados próximos ou nos máis afastados. Tamén en terreos como leiras ou mesmo na propia rúa. Está formado por pequenas pólas, vexetación tipo *sedum*, musgo, restos de tecidos procedentes de roupa e ata pequenos anacos de plástico.



Diverso tipo de vexetación vai ser aproveitado para a construción do niño. Parte deste material pode ser recollido dos tellados veciños.

A maior parte dos niños serán construídos nos tellados, normalmente baleiros de vexetación, aínda que nalgúns casos, normalmente tellados vellos ou edificacións abandonadas, poden estar recubertos dunha vexetación baixa, propia deste tipo de nichos, que medran espontaneamente.

Por regra xeral, a construción farana en lugares resgardados, como pode ser detrás dunha cheminea, a carón dunha cornixa ou enriba dun muro. Mais, algunhas parellas obvian esa protección e non dubidan en facelo en lugares que parecen, mesmo, pouco axeitados, ata o punto que dá a impresión que bastaría unha pequena racha de vento para levalo por diante. Así, podemos ver niños no centro ou case no centro da lámina espida do tellado, no bordiño do mesmo, enriba dun antigo soporte de depósito de auga, totalmente exposto ás inclemencias meteorolóxicas. Por suposto que hai casos máis extremos, como os comentados páxinas atrás, caso das palmeiras. Non adoitan facer os niños en tellados de “uralita”, aínda que, coma sempre, algunha excepción hai. Apenas temos observado un par de niños sobre este elemento. Nalgún caso, raro tamén, utilizaron a superficie superior do alto dun muro, de arredor de 40 cm de



Traxectoria seguida por unha parella para construir o niño. Pasou do seu lugar de sempre a outro tellado próximo, para retornar ao inicial.

espesor. Tamén, como dixemos xa, nos rochedos próximos á costa onde só temos localizamos un único lugar, na zona denominada “A Grelo”, preto do porto guardés. Nesa zona só temos datos de seis tempadas, do 2010 ata o 2015.

Os niños serán construídos tódolos anos no mesmo lugar polas mesmas parellas. E non só no mesmo lugar, senón no mesmo sitio.

Hai casos curiosos, como o dunha parella que comezara a construción do niño onde o levaban facendo dende sempre. Por desgraza para ela, cando xa tiñan os primeiros pasos dados, uns operarios comezaron a arranxar o tellado. Durante días a parella mostrouse nerviosa, parecía que non sabían que facer. Había certo desconcerto. Os dous individuos sobrevoaban constantemente o lugar “de toda a vida”, pero non era posible continuar co niño. Durante varios días pousáronse noutro tellado próximo, e comezaron a levar material cara el. Mais non o facían con convicción, de tal xeito que ao longo do día, apenas se mantiñan con esta actividade. Pasadas unhas semanas, os operarios deron por rematado o tellado. O niño que comezaran facer no segundo tellado, non tiña visos de ir adiante, acabando por ser abandonado. Aos poucos días regresaron ao tellado “de sempre”. Non conseguiron facer un novo niño e non deixaron de emitir durante toda a tempada de reprodución, continuos lamentos.



Localización dun dos niños observados. Carece de total protección fronte ás adversidade meteorolóxicas.



Outro dos niños situado nun lugar aparentemente pouco propicio.



Un niño ben resgardado das inclemencias meteorolóxicas, sobre todo do vento.



Nesta palmeira aniñou durante dous anos unha parella. Non temos coñecemento de cantos pitos puido sacar.





Un dos escasos tellados con abondosa vexetación que foi elixido para construír un nño.



Unha parella viu neste muro un lugar axeitado para instalar seu niño.



A maior parte da vexetación presente neste niño, foi obtida da vexetación espontánea que medra nos tellados próximos.

INCUBACIÓN E NACEMENTO

Si ben dende o ano 2010 levamos feito un seguimento da nidificación na vila da Guarda, será nos anos 2020 e 2021 cando dedicamos máis tempo a censar tanto niños como parellas e pitos nados. O resumo dos datos destes dous últimos anos aparecen reflectidos nos cadros que van a seguir (páxinas 30 e 31).

Logo de todo o proceso de pre-posta, chega o momento crucial. Construído o niño, toca a quenda da posta e, de seguido, chocar os ovos. Tanto a femia como o macho desenvolverán esa función. Mentres un se encarga da incubación, o outro afastarase para procurarse alimento. De regreso ao niño avisará á súa parella que xa está disposta para o relevo. Entón, a que está chocando érguese, afástase do niño e no seu lugar porase a recén chegada. Este proceso repetirase por espazo duns 30 días, pasados os cales nacerán os pitos.

Resulta agónico observar nos días de máis calor, con temperaturas que sobrepasan os 40 ºC a pleno sol, como estoicamente estas aves aguantan inmutables a insolación. Para mitigar no posible a calor, arfan constantemente mantendo o peteiro aberto.

Pola contra, algúns días terán que se enfrontar ao caso contrario, pasar dunha salvaxe insolación a un tempo frío, con moito vento, mesmo de forte temporal e chuvia abondosa. E alí seguirán, macho e femia soportando eses cambios para evitar a perda da posta.

A maior parte das postas terán lugar entre mediados de abril e mediados de xuño. A media é de 3 ovos por niño, excepcionalmente dous ou catro. A media de nacementos vai ser case de tres pitos por niño. Pero no ecuador do nacemento, redúcese esta media, situándose arredor de 2,18 pitos por niño. A perda de pitos débese a múltiples factores que van dende a inxerencia humana, caídas do niño á rúa, mortes, etc.

Os pitos, son nidífugos, isto é, ao pouco de nacer, xa teñen a capacidade de camiñar. Permanecerán no lugar onde naceron por espazo duns 40 días. As últimas semanas, cando xa teñen as plumas de voo formadas, comezarán cos exercicios previos: pequenos saltiños coas ás abertas, vos curtos sobre o tellado (isto conleva que algúns deles acaben caendo á rúa), aproveitan os ventos para manterse no aire durante uns segundos, etc.



Dúas fotografías con sendas gaivotas montando garda en clara pose de vixilancia dos pitos.



Durante o proceso de dependencia, os proxenitores estarán en todo momento pendentes deles. Mentres un dos proxenitores permanece de garda sobre un punto destacado (cheminea, por exemplo), o outro afástase cara aos lugares de alimentación, tanto para se alimentar el como para traer alimento para os pitos.

Algo que calquera pode comprobar é que, se ben as parellas son moi territoriais, non permitindo a proximidade doutras gaivotas durante o período de aniñamento, si forman un verdadeiro exército cando se trata de defender os niños ou pitos. A gaivota que mantén a vixilancia dende a súa atalaia, non dubida en dar a voz de alarma, iniciando os



Gaivota coidando da prole.

consabidos ataques contra o intruso. O sinal de perigo é respondido por unha morea de conxéneres que se traduce, aos poucos segundos, nun balbordo que pode aglutinar a unha ducia de gaivotas que se suman para facer retroceder ao presunto depredador. Comezan unha serie de vertixinosos picados que non cesarán ata que o potencial perigo desapareza. Mesmo ocorre, como persoalmente comprobei, que estando a certa distancia cos prismáticos observando os pitos, sufrín os ataques das gaivotas. O máis curioso foi comprobar que cada vez que me achegaba pola zona en cuestión, aínda sen me deter, as gaivotas xa daban a voz de alarma e a parella sobrevoábame ameazante levando a cabo picados de persuasión, cousa que non sucedía con outras persoas. Recoñecíanme como un potencial perigo?

RESULTADOS ANO 2020

Nº lugares de nidificación:

213

Nº niños viables:

202 (95 %)

Nº niños observados:

Abril: 1 niño.
Maio: 52 niños.
Xuño: 10 niños.
Xullo: 0 niños.

Total: 63 niños

Nº niños destruídos:

11

Nº de niños destruídos con pitos:

2

Nº lugares observados con pitos:

Xuño: 51
Xullo: 84
Agosto: 3

Total: 138

Nº de pitos observados:

Xuño: 124.
Xullo: 168.
Agosto: 6.

Total: 298

Media dos lugares observado: 2,16

Nº pitos no total de niños viables: 202 x 2,16=436

RESULTADOS ANO 2021

Nº lugares de nidificación:

186 (-13 %)

Nº niños viables:

177 (-14 %)

Nº niños observados:

Abril: 1 niño.
Maio: 56 niños.
Xuño:10 niños.
Xullo: 3 niños.

Total: 70 niños

Nº niños destruídos:

9

Nº de niños destruídos con pitos:

2

Nº lugares observados con pitos:

Xuño: 61
Xullo: 63

Total: 124

Nº de pitos observados:

Xuño: 141
Xullo: 131

Total: 272 (-5 %)

Media por lugar observado: 2,19.

Nº pitos no total de niños viables: 177 x 2,19=388.
(-11 %)

Entre paréntese, porcentaxe da diminución con respecto ao ano anterior.

As cifras están redondeadas.

INDEPENDENCIA



O abandono do niño prodúcese pasados uns 40 días do nacemento. A maioría terá lugar a partir de finais de xullo e, sobre todo, no mes de agosto. Os últimos pitos en abandonar o niño farano a finais de agosto, excepcionalmente, os máis tardíos, farano a primeiros de setembro. O punto fundamental de concentración de pitos, unha vez abandonado o niño, será o porto da Guarda, aínda que algúns deles ocuparán os rochedos próximos. Pero o abandono non ten lugar de xeito definitivo. Regresarán ao lugar de nacemento ou ás proximidades durante varios días. Mais algúns resístense a deixar ese lugar definitivamente, e regresarán unha e outra vez mesmo ata a seguinte tempada de reprodución, no que serán afastados definitivamente. Pero este último caso non é o habitual.

Os pitos permanecerán unidos aos proxenitores aínda durante certo tempo. Resulta chocante para o espectador, ver como no porto da Guarda perseguen aos proxenitores solicitando alimento, diante da indiferenza destes. Algúns que non son os fillos dalgunha das gaivotas procreadoras, únense a esta solicitude sendo expulsados polo adulto e, mesmo, polos pitos.

A maioría dos polos nados na localidade acabarán por abandonar a zona de nacemento, desprazándose a outras localidades. Mais, mentres non se produce a independencia total, os pitos acompañarán aos proxenitores durante unha tempada, que pode ir dende unhas semanas a varios meses no peor dos



casos.

O pito, xa do tamaño que a súa proxenitora, acompaña a esta nas últimas etapas de dependencia. Pronto terá que apañarse só para subsistir.



Parella de pitos xunto a un dos proxenitores no porto da Guarda. Aínda seguen a ser alimentados polo adulto, mais pronto terán que valerse por se mesmos..

OS FÍOS DA MORTE

Non queremos obviar a problemática que representa a nidificación de gaivotas no núcleo urbano guardés. Somos coñecedores da existencia do conflito entre gaivotas e humanos. Iso supón, en moitos casos, observar feitos altamente desagradables.

Estes conflitos débense principalmente a tres factores que van parellos á esencia mesma da nidificación e que expoñemos a continuación:

1) A construción dos niños nos tellados supón, nalgúns casos, un deterioro na zona onde está construído o niño. Tamén poden afectar ás canles de desaugue provocando a súa obstrución e, en consecuencia, probables inundacións ou filtracións nas dependencias interiores do edificio.

2) Os inquilinos das vivendas, onde están os niños, sofren con certa frecuencia os embates dos proxenitores en forma de ataques, pasadas en picado, etc. A iso hai que sumar os excrementos que se acumulan nas azoteas próximas e que, mesmo, poden obstruír os desaugues de tellados ou das propias azoteas, descontando, por suposto, que algún destes "artefactos" non acaben na cabeza dun. Cabe dicir, que ás veces é cuestión de acostumar a estes inquilinos forzosos, á presenza de xente e o problema pode acabar por se solucio-



Dous cadáveres, probablemente dunha mesma parella de gaivotas, tal vez a piques de construír un niño, xacen sobre o tellado polo que cruzan os "fíos da morte".



Cadáver dunha gaivota que quedou atrapada nos fíos. A morte tarda en ceibarse do individuo logo de varios días de lenta agonía.

nar. Cuestión de paciencia.

3) Debido ao anterior, moitas terrazas non poden ser usadas durante o período de aniñamento, nin como zona de lecer, nin, por exemplo, para estender a roupa.

4) O incesante ruído provocado, tanto polo desprazamento sobre o tellado como polos exacerbados sons que emiten durante toda a etapa de nidificación, e que se acrecentan pola noite, debido ao silencio reinante que hai a esas horas, ocasiona certos problemas "emocionais" tanto na hora do descanso como por "meterse" na cabeza eses pertinaces e constantes sons.

Tamén os viandantes sofren en maior ou menor grado os avatares da nidificación: rúas con excrementos; posibilidades que algún deles caian enriba dun e, as veces, tamén potenciais ataques.

Para tratar de combater estes feitos, os propietarios ou inquilinos dos edificios utilizan diferentes métodos disuasorios, uns certamente inocuos pero outros resultan horribles polos efectos que producen. Entre os primeiros temos a utilización de figuras que imitan a bufos, pero este método acaba por non dar



Figura imitando a un bufo que, como se ve, non serviu para impedir que unha parella procreara no lugar. Cando estas figuras permanecen moito tempo no mesmo lugar, deixan de ser efectivas.



Gaivota atrapada nun fío. Por sorte puido ser liberada a tempo sen que sufrira dano algún.

resultado cando dita figura está permanentemente, un ano si e outro tamén, colocado no mesmo lugar. Pensamos que poderían ser máis efectivos se se instalasen cando comeza o período de nidificación, isto é a finais de febreiro, e se retirasen cara mediados ou finais de xullo. Tamén serán máis efectivos aquelas imitacións de bufos que teñen a particularidade de mover a cabeza fronte aqueloutros onde a figura é estática. Outro método que podería ter un certo sentido é o de colocar elementos reflectores móbiles.

Por desgraza o que predomina na maioría dos tellados onde se colocan dispositivos



Un tellado inzado de fíos. A pesar dos mesmos, unha parella criou, un ano máis, aos seus pitos que, por sorte para eles, ningún quedou preso neles.

"antigaivotas" son métodos agresivos, empezando polos que nós denominamos "**fíos da morte**". Son fíos de nailon, case que invisibles, que cruzan o tellado en varias direccións, deste xeito trátase de impedir que as gaivotas poidan pousar-se nel. Pero a cruel realidade é que na maior parte dos casos isto non sucede e as consecuencias son observar cada ano como moitos adultos e pitos quedan atrapados neses fíos. Deste xeito non resultará raro observar exemplares coas ás cercenadas; outros, tras varios días de continua loita, acaban agonizando de dor, sede e fame. Consideramos que estas prácticas debería erradicarse, en primeiro lugar pola crueldade que supón para estes animais e, en segundo lugar, pola pouca ou nula efectividade que amosan. Outros artefactos que son colocados consisten nunha especie de pinchos ou arames en zonas determinadas, impedindo que estas aves se pousen. Adoitan situarse nas chemineas, bordiños e cumios dos tellados. Non adoitan ser, agás excepcións, tan perigosos como os fíos.

A MODO DE CONCLUSIÓN

A) **Inicio da nidificación de gaivotas na Guarda**

Estimamos que as primeiras parellas iniciaron a reprodución na vila da Guarda, e por ende no Baixo Miño, a finais da segunda metade da década dos noventa. Sabemos certamente que ata 1992 non aniñaban, pois nese ano finalizaba o proxecto desenvolvido por ANABAM denominado "Atlas *de vertebrados terrestres do Baixo Miño*" e nel non hai referencia algunha a este feito. O primeiro niño "oficial" rexistrado no municipio guardés corresponde ao ano 2000, construído nunha embarcación varada no estaleiro do Pasaxe (Camposancos-A Guarda) dato obtido pola fotografía que nos facilitou o propietario do estaleiro, Joaquín Castro, autor da mesma. Outra fotografía, do ano 2003 foi tirada por Antón Ferreira, amósanos o primeiro dato de tres pitos nados nun niño situado no núcleo urbano da Guarda.

B) **Niños illados e niños en colonia**

De acordo ao número de niños, clasificamos estes como illados, caso do niño de Tui ou os de Camposancos e Salcidos, e niños en colonia, como os do núcleo urbano guardés.

C) **Distancia**

A distancia máis afastada dun niño con respecto á franxa costeira, corresponde ao único niño que temos rexistrado fóra da Guarda, concretamente en Tui. Este niño, construído no tellado do IES Indalecio Tizón, atópase a 25 km da colonia urbana guardesa e a 20 km da colonia que aniña en Baiona. O máis probable é que a parella proceda da costa guardesa, xa que o seu desprazamento é máis doado dende A Guarda a Tui debido a que non hai impedimentos topográficos e, mesmo o río Miño e o seu val favorecen o tránsito, ao contrario do que resultaría no caso de utilizar o camiño máis curto pero máis accidentado por mor da prolongación da Serra da Groba.

No que respecta ás gaivotas que nidifican no municipio guardés, obtemos os seguintes datos:

Niños de Camposancos (dous rexistrados), distancia entre esta parroquia e o casco urbano guardés 3 km.

Distancia entre os niños de Camposancos e o niño de A Sangriña (Salcidos), 3 km.

Distancia entre o niño de A Sangriña e o centro do núcleo urbano guar-

dés, 0,8 km

Distancia máis próxima entre un niño da Guarda e o da Sangriña, 0,38 km.

Os niños do casco urbano da Guarda máis próximos á liña de costa sitúanse nalgúns dos edificios paralelos a ela, entre 10 e 20 metros de distancia da franxa costeira.

D) **Superficie ocupada**

Perímetro do núcleo urbano guardés utilizado como área de aniñamento 5,5 km.

Superficie de aniñamento no casco urbano da Guarda, 70 ha.

E) **Nº de parellas reprodutoras, niños e pitos**

Entre os anos 2010 e 2021, período de tempo no que se levou a cabo a recollida de datos, pode considerarse relativamente estable a poboación que aniña na localidade, cun lixeiro descenso, arredor dun 13 % de parellas, neste último ano no que, polo de agora, non podemos afirmar que obedeza a un claro descenso da poboación, cousa que haberá que determinar nos vindeiros anos.

Parellas reprodutoras: 200 +/- 14.

Niños viables: 190 +/- 15.

Pitos no ecuador/final do período reprodutor: 412 +/- 15.

Niños destruídos por causas humanas: 10 +/- 2.

Niños con pitos destruídos por causas humanas: 2 +/- 1

F) **Nº de gaivotas por habitante na Guarda:**

A relación é de 0,02 parellas por habitante.

En canto a pitos, a relación é de 0,04 exemplares por persoa.

UNHA ESPECIE EN REGRESIÓN?

No que respecta á Guarda, non podemos, polo de agora, afirmar que isto sexa así, pero atendendo aos datos rexistrados no resto de Galicia, a tendencia, indubidabelmente, debería ser esa. En principio, de acordo ás observacións destas once tempadas, a poboación mantense estable. A diminución rexistrada neste ano, podería deberse a coincidir cunha maior presión humana sobre niños e pitos. Haberá, pois, que estar atentos á evolución nos próximos anos e ver que sucede para ter unha opinión máis acertada.

PERÍODO DE NIDIFICACIÓN



Nidificación

Construción niño. Primeiras postas.

Pitos prepáranse para independizarse.

Xaneiro.– As parellas comezan a ocupar con máis intensidade os lugares onde van aniñar e xa amosan lixeiros comportamentos do futuro aniñamento.
Febreiro.– Soben en intensidade as mostras de que está próximo o celo. Permanecen máis tempo nos tellados onde van construír os niños. Empezan a deixar constancia do territorio.
Marzo.– Primeiros cortexos e cópulas. Lévase a cabo a construción dos primeiros niños.
Abril.– Maior número de cópulas. Tamén de confección dos niños e primeiras postas.
Maio.– Estamos no cénit da etapa de aniñamento. A maior parte das parellas reprodutoras chocando os ovos. Nacen os primeiros pitos.
Xuño.– Constrúense os niños tardíos. Eclosión da maior parte dos ovos. Máxima actividade no niño.
Xullo.– Practicamente tódolos polos nados. Os pitos exercítanse para os seus primeiros vós.
Agosto.– Algunhas das gaivotas tratan xa de que os pitos empecen a independizarse. Proxenitores e polos inician o abandono parcial do lugar de nidificación aínda que, durante uns días, regresarán ao lugar de nacemento.
Setembro.– Agás algunha excepción, comeza a etapa final. Os polos case que totalmente independentes. Os proxenitores tentan desfacerse dos labores de coidado e alimentación da prole.
Outubro.– Independencia total. Pero algúns polos resístense a non depender dos proxenitores.
Novembro.– Os proxenitores xa non se ocupan da prole. A pesar diso, algúns pitos continúan a insistir, mesmo poden acudir ao lugar de nacemento. Seguramente neste mes a maioría comeza a abandonar o lugar de nacemento para dirixirse a outras áreas máis afastadas.
Decembro.– Período de relaxamento.



ANABAM

é unha entidade conservacionista
que traballa pola
protección,
conservación,
estudo
e divulgación
do patrimonio natural
do Baixo Miño



ESTA PUBLICACIÓN CONTOU CUNHA SUBVENCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DA GUARDA